QUE SON OS GRUPOS DE TRABALLO

Os grupos de traballo constitúen o órgano executor da Plataforma. A súa función é acadar os obxectivos marcados na *Axenda estratéxica de investigación* da PTXGA a través da realización de proxectos de I+D+i dunha determinada área.

ÁREAS DE TRABALLO

Cada grupo promoverá proxectos de I+D+i dunha temática específica, actuando a modo de foro aberto no que poida participar todo membro que esté interesado. Inicialmente propóñense seis grupos de traballo adscritos ás seis grandes áreas temáticas propostas inicialmente na *Axenda Estratéxica de Investigación* (nutrición, patoloxía, xenética, trazabilidade e seguridade alimentaria, medio ambiente e automatización e deseño de instalacións), proposta á que se poderán engadir outros grupos.

SOLICITUDE E CREACIÓN

Calquer membro da PTXGA poderá solicitar a creación dun grupo de traballo a través dun formulario que poderá descargar da páxina web. A solicitude irá dirixida á Secretaría Técnica e deberá incluír:

- Denominación do grupo.
- Xustificación do grupo de traballo.
- Membros (mínimo de 3 participantes).
- Dinamizadores propostos (sector privado e público).
- Proxectos previstos.

Esta solicitude será enviada e valorada polo Comité Xestor.

MEMBROS E DINAMIZADORES

Os grupos de traballo estarán formados por un mínimo de 3 participantes, 2 empresas e 1 centro de investigación. Os participantes dos grupos de traballo deberán ser persoas con perfil técnico e idea do negocio.

Cada grupo de traballo estará liderado dous expertos que actuarán a modo de *dinamizadores*, promovendo a xeración de proxectos en cadansúa área. Ditos expertos serán membros oficiais da PTXGA. A súa candidatura irá incluída na solicitude de creación do grupo de traballo e serán aprobados polo Comité Xestor.

Anualmente os dinamizadores farán un informe das actividades realizadas e das futuras propostas. Este informe será presentado ó Comité Xestor e á Asemblea Xeral.

Os líderes dos grupos cooperarán entre sí todo o que sexa preciso.

PROXECTOS

1. *Requisitos*
   Os proxectos que se xeren no seo da PTXGA deben ser proxectos de interese para o sector. As temáticas deberán estar encadradas na *Axenda Estratéxica de Investigación*, dándolle prioridade a aquelas áreas consideradas como preferentes.

2. *Presentación*
   Cada iniciativa de proxecto debe presentar á Secretaría Técnica un borrador no que quede reflexado:
   - obxectivos do proxecto e grado concordancia que teñen cos da PTXGA.
   - grao de importancia que o tema a tratar ten para o sector.
   - membros participantes.

   Estos borradores serán analizados e aprobados polo Comité Xestor.

3. *Participantes*
   Nun proxecto poderán participar entidades adheridas á PTXGA ou entidades alleas. Neste último, caso as entidades colaboradoras propias da plataforma deberán ser maioría.

4. *Xestión e resultados*
   Cando se xere un proxecto no eido da PTXGA, a súa xestión correrá a cargo dos implicados no proxecto. Ó remate do proxecto remitirase unha memoria ó Comité Xestor para valorar os resultados acadados e as futuras actuacións dentro da PTXGA.
   Os grupos de traballo poderán acordar os mecanismos de confidencialidade que estimen oportunos para salvagardar os intereses de cada membro. A propiedade industrial e intelectual será das entidades impulsoras do proxecto, así coma a explotación das invencións obtidas.

5. *Apoio da PTXGA*
   Aqueles proxectos que sexan aprobados e teñan o apoio da PTXGA poderán facer uso do logotipo da PTXGA.

SEGUEMENTO E ELIMINACIÓN

O Comité Xestor realizará un seguemento para comprobar que se están a cumplir os obxectivos. Os dinamizadores emitirán un informe anual para evaluar a operatividade de cada grupo.

A falta de actividade durante 1 ano fará que se propoña a eliminación do grupo de traballo.

Os grupos reuniranse coa frencuencia que se estime oportuna. Os gastos orixinados por estas reunións deberán adscribirse a proxectos ou actividades dentro dos grupos.